

Esther

EXPEDIENTE Nº: 9/2015: "ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E SUCESIVA TRAMITACIÓN, APROBACIÓN DO GASTO E DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"**: Dada conta do expediente para a contratación do arrendamento enunciado e vistos os Informes emitidos pola Secretaría Municipal de data 16/12/2015 e pola Intervención Municipal de data 15/01/2016, esta alcaldía **resolve**:

**Primeiro: Aprobar o devandito expediente de contratación mediante concurso público, adxudicación por lotes e con multiplicidade de criterios de valoración.** A tramitación é ordinaria. **Para o lote A** sinálase como presuposto máximo de licitación durante a duración total do contrato, 3 anos, **57.600,00 Euros**, sen incluír o IVE, o IVE ascende a **12.096,00 Euros** e o presuposto máximo de licitación durante a total duración do contrato, co IVE, é de **69.696,00 Euros**. **Para o lote B** sinálase como orzamento máximo de licitación para a totalidade da duración do contrato, 3 anos, **43.200,00 Euros**, sen incluír o IVE, o IVE ascende a **9.072,00 Euros** e o orzamento máximo de licitación, co IVE, é de **52.272,00 Euros**.

O orzamento máximo de licitación mensual, co IVE, ascende a:

**Lote A: 1.936,00 Euros.**

**Lote B: 1.452,00 Euros.**

**Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas** de decembro de 2015, redactado polo arquitecto municipal e **o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares** de data 15 de decembro de 2015, que consta de 21 cláusulas e 5 anexos.

**Terceiro: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), Diario Oficial de Galicia (DOG) e no perfil do contratante** do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es).

**Cuarto: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 92009 / 20200 do orzamento da entidade local, por un importe de licitación**

**anual de 40.656,00 Euros** (23.232,00 Euros para o Lote A e 17.424,00 para o Lote B).

**Quinto:** Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/11 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, designar aos seguintes membros para constituír a Mesa de Contratación deste procedemento:

- Presidente: O Sr. Alcalde do Concello de Sanxenxo, Don Gonzalo Gonzalo Pita.
- Secretario: O funcionario do Concello Don Celestino Otero Camiña.
- Vocais:
  - o O Interventor Xeral, Don José Juan Vidal Vilanova
  - o O Secretario Xeral do Concello de Sanxenxo, Don Ángel Luis López Pita
  - o O Concelleiro de desenvolvemento económico, emprego e facenda, Don David Otero Domínguez
  - o O Concelleiro de xestión e planificación urbanística e infraestruturas, Don José Daniel Fernández Piñeiro.

**Dada en Sanxenxo o dezaoto de xaneiro de dous mil dezaseis.**

O alcalde



**Gonzalo Gonzalo Pita**

ante min, o secretario xeral



**Ángel Luis López Pita**